



A semana pasada remataría un dos circuitos de carreiras populares máis importantes de cantos se están a desenvolver por toda a nosa xeografía. Estámonos a referir a **V Circuito de Carreiras Populares Corresán de Santiago** cujos gañadores logo das probas de Angróis, Cidade Vella, Monte Pedroso e Ruta dos Parques, serían Cristian Muiño e Lara Buig. Precisamente con esta última atleta sería con quen quixemos inaugurar esta sección.



Lara Buig (Boiro, 1976) encarna a perfección o tipo de atleta popular que representa a un amplo porcentaxe do noso atletismo e que por estadística, está en torno ó 70-80% dos corredores que toman parte nas populares.

A primeira ocasión que descolgamos o teléfono unha visita ao podólogo obrigaríanos a falar con ela un par de horas despois. Xa no seu domicilio e telefónicamente, atenderíanos por espazo duns vinte minutos de maneira moi amable.

A primeira impresión que da ó escoitar a súa voz, e que se trata dunha muller de carácter pausado e doce, malia que a tenor dos seus últimos resultados deportivos nada fai pensar que teña un comportamento semellante no asfalto.

Para tentar descubrir este e moitos máis aspectos da nosa entrevistada, comezaríamos a falar con ela felicitándoa tanto polos últimos éxitos acadados nos galegos, como polo seu trunfo do Circuito Corresán. Logo dos saudos de rigor, e case de inmediato, ten moi claro como se considera dentro do atletismo

“Malia que este ano federeime por si intentaba facer algo, considérome plenamente unha atleta popular xa que eso me permite poder ir con total liberdade, e escoller aquelas probas que máis me interesen” baixo esta maneira de encarar as competicións apunta que ***“ non tomei parte en ningunha proba de pista, tan só ruta, acudiendo a varias pedestres ao longo do ano. A nivel de Campionatos Galegos tan só tomaría parte no de Pontevedra (media maratón) e no de Ames (10 km. Ruta)”*** e nos que sinceramente non o faría nada mal xa que acadaría a medalla de bronce e prata respectivamente na categoría veterán W-40.



//ABANCA



Xa entrados en conversa, quixemos saber un pouco máis da persoa e dos seus comezos...

“Comezaría a facer atletismo os 12 anos, malia que ao chegar a época de adolescencia e xuntarse cos estudos e demais, tiven que deixalo. Logo dun longo parentese voltaría a correr coincidindo co nacemento do meu segundo fillo e cando contaba con 36 anos”

***“Adestro moi pouco (...)
nas últimas semanas apenas 5 ou 6 km...”***

Como sempre detrás de cada volta existe un motivo, unha causa ou unha motivación. No caso da nosa protagonista sería un familiar achegado

“Todo comezaría grazas ao meu irmán que me animaría a ir con él a unha edición da Pedestre de Santiago. A verdade é que non o pensei, tan só lle dixen que agardara a que comprara unhas zapatillas e alá fun a tomar parte”

E así foi como esta boirense comezaría unha nova etapa atlética na súa vida, e na tenor dos excelentes resultados obtidos, non debe andar nada arrepentida

Preguntada sobre o seus plans de adestramentos, sorpréndera moito a súa resposta

“Verdadeiramente adestro moi pouco, e como exemplo pódoches dicir que nas últimas dúas semanas apenas iría en total unhas catro veces ó ximnasio a facer pouco máis de 25 minutos de cinta, que máis ou menos veñen sendo uns 5 ou 6 km... e para min xa foi bastante. É certo que houbo momentos nos que podía sair dúas ou tres veces á semana pero este verán rompín o pulso que me impediu facer nada por mes e medio. Sinceramente non teño rutina, nen método de adestramento nin adestrador”

Confésanos que malia non estar traballando nestes intres ten un grupiño de nenos no Concello de Boiro dos cales ***“..síntome máis motivadora que adestradora”***

A medida que imos avanzando na entrevista van saíndo aspectos máis da persoa que da atleta

“Verdadeiramente desfruto moitísimo cas carreiras populares, xa que coñeces a moitísima xente, tes unha excusa perfecta para poder viaxar e saír, e ademais andas metida nun ambiente e arrodeada de xente fantástica ”



//ABANCA

Con respecto a evolución que se está a producir no mundo do atletismo pedestre opina que **“... prodúceme moita satisfacción comprobar o medre de probas que se ten producido nos últimos anos e que indudablemente obriga, a diferenza doutros periodos, a poder escoller as que máis che interesan”**

Lara tampoco anda con rodeos a hora de amosar o que menos lle agrada **“ O único que non me gusta do atletismo popular é que se está a convertir, na miña opinión, nun negocio. Lembro aínda cando tomabas parte nunha proba e as inscricións eran de balde. Fai un pequeno paréntese e reflexiona “Claro está que entendo a evolución que se está a producir na organización das**


“Verdadeiramente disfruto moitísimo cas carreiras populares...”

mesmas o que trae consigo máis gastos, malia que así a todo, gustaría que nalgúns casos fora algo máis económico, sobre todo por aquelas persoas que poidan estar a pasar unha mala situación. Neste senso boto de menos ese carácter popular de sempre”

Continuando ca conversa, e xa pasando ó que foi de si o Circuito Corresan 2016, preguntámoslle sobre a motivación que a levaría a tomar parte no mesmo


“O motivo de ter participado é simplemente que me encantan as carreiras en Santiago, teñen algo especial que me fan sentir moi cómoda, a nocturna da Cidade Vella, a chegada a Praza do Obradoiro, a contorna da catedral...”

Lembra aquel día no que se incribía e no que **“...apuntéime ó circuito sin saber apenas nin as datas nin os premios, nin nada... e dende logo moitísimo menos se me tería pasado pola cabeza imaxinar a posibilidade de gañar o mesmo”**





//ABANCA



Das catro probas que integrarían este V Circuito Corresán 2016 para Lara Buig ***“A proba máis dura sería a última dos Parques, sendo sen lugar a dúbidas a máis fermosa e especial a nocturna da Cidade Vella”***

Para rematar non quixemos deixar de preguntar polos seus obxectivos de cara a vindeira tempada, volvéndonos sorprenden de novo ca súa

resposta ***“facen un 10.000 en 40 minutos, levo con ese obxectivo un par de anos e malia que estiven a piques de acadalo, para min representa o meu reto persoal. No demáis iremos vendo pouco a pouco...”***

Pois así é a nova gañadora do Circuito Corresán 2016 cúa seguinte cita, aínda que desta vez sen dorsal, será na entrega dos premios Corresán a mediados do mes de novembro. Alí estaremos xunto ela e o resto de gañadores, para informar a través das nosas RRSS, Web e programa de TV *Citius, Altius, Fortius*

